# A millor gabanza



O engado de Betanzos, o atractivo de ista vella cibdade que o Mandeu bica coas súas aúgas adobiadas pol-os refrexos máxicos de unhas ribeiras nas que a natureza emborcóu a feito as súas galas, deixóu de sere tópico a choutar nos labres de calquer visitante máis ou menos sinceiro, pra se trocar en feito definitivo e sin volta de folla. Deixóu de sere afirmación de obrigada cortesía, decote discutíbel, pra se trocar n-algo d'evidenza nidia contra da que xa non valerán distingos nin casuismos por moi hábiles e ben dictados que sexan.

A fermosura e o encanto singulares da capital das Mariñas, como os de Santiago, como os de Pontevedra, como os de Viveiro e outras localidades galegas máis ou menos grandes, xa non pode sere discutida, pro, ¡qué discutida!, nin siquera esvaídamente disminuída por ninguén. Consagrada ficóu, e de xeito imperecedeiro e rotundo, dende que a fasquía do seu conxunto foi perpetuada pol-o mestre esgrevio da arte do diseño, que na Galiza vivéu perante casi toda a sua vida e na Arxentina morréu, n-unha creación súa, de cegos, das que compoñen o grupo «Os meus compañeiros».

Castelao, que perante o seu actuare froitífero e maxistral como artista esgrevio i-eiscelso, que non tivo nin tén segundo, escolmóu decote con acerto na varia e suxeridora temática galega aquelas esceas e tipos que millor refrexan e revelan o *genius loci*, tivo decote unha preferenza, cicáis instintiva, pol-os infortunados que fallos da visión corporal son coas súas agudezas, côs

seus donaires, coas súas falcatruadas ateigadas de inxenio e picardía, nas que cicáis haxa algo de innato sentimento vital de defensa, elemento de pirmeira forza no ample e variado campo do inequívoco pintoresquismo galego.

Castelao, cicáis por se consideiraire un prematuro cego, quixo en todo intre dar trato de preferenza nas súas composicións aos privados da vista. E ao trazare as súas fasquías, pôndo n-elas un agarimo fondo, o seu lápiz máis que buril a esculpire era dedo aloumiñador movido a impulsos de unha tenrura e de un forte e doce sentimento de humanidade, que axiña se trocaba na estampa milagreira, en outo e verdadeiro pregón de un franciscanismo sen voltas e realmente exemprar.

N-unha de isas estampas da coleición «Os meus compañeiros», Castelao pon como fondo a suxeridora e sempre belida vista de Betanzos pol-a parte do Peirao. Isto, sin máis, pouco ou ren diría. Pro sí, di moito, si se ten en conta que o gran artista, que tantas vilas grandes e pequenas da terra coñecía ben, quixo lembrarse emporiso de aquel Betanzos que soio de un xeito fuxitivo, súpeto, él abesullara en algún intre da súa xenerosa vida sementadora de galeguidade. E si tal sucedéu, ¿cómo non atribuílo â forza enfeitizadora con que a urbe mariñana se oferescéu aos ollos do artista que tan adoitado se achaba a captare esceas e cousas belidas e non vulgares?

En definitiva, o atractivo de Betanzos vila, de Betanzos conxunto urbán encadrado en marco singular, fica xa definitivamente fixado como algo que non ten dúbida. Pregoándoo, eis isa composición do gran artista galego. N-isa composición que tén todal-as semellas e a forza efectiva de unha executoria de outa xerarquía estética. Castelao, o indiscutíbel mestre, procrama solemnemente coa obra aludida, o supremo atractivo da cibdade dos cabaleiros.

RAMÓN VILLAR PONTE

(Da "Real Academia Gallega".)

# Un nuevo sacerdote betancero: Don Antonio Luis Soto Camino



El espléndido marco de la iglesia de Santiago de Betanzos encuadró el día del Apóstol una escena llena de honda emotividad.

Soto Camino cantaba su primera misa en el altar en que, veinticinco años antes, se unían sus padres con el lazo indisoluble del matrimonio.

La conmemoración de las Bodas de Plata no pudo tener mejor florón que las primicias del hijo sacerdote.

Todas las galas litúrgicas del ceremonial solemne de la primera misa impresionaron profundamente a la numerosa concurrencia que se congregó en el magnífico templo para participar del primer sacrificio del neosacerdote: el «Veni Creator» con que se da comienzo a la ceremonia, la Misa solemne, el «Te Deum» de acción de gracias, el besamanos del misacantano...

El orador que ocupó la sagrada cátedra después del canto del Evangelio, subrayó la profunda significación del acto.

Soto Camino había recibido las primeras caricias de la vocación sacerdotal en su ardoroso peregrinar por las rutas jacobeas, en aquella generosa peregrinación emprendida con impaciencias apostólicas por los adelantados de la Juventud Católica española.

Esa senda, iluminada de continuo por el blando resplandor de las estrellas fué para Soto Camino la senda del Santuario, que le ofrecía un ara y un altar precisamente en el día del «Santo Adalid, Patrón de las Españas», que, al coronarlo con la excelsa aureola del sacerdocio, abría amplios horizontes a sus anhelos de apostolado.

La ruta está abierta; es la misma que por primera vez recorrió el Hijo del Trueno, y que ahora comienza a recorrer un heredero de sus impaciencias apostólicas, para esparcir la divina semilla de la verdad y del bien con sus manos consagradas.

Esas manos que por primera vez van a elevar la Hostia y el Cáliz de propiciación, y que, al final del acto, recibirán los ósculos encendidos de amor y veneración al sacerdocio de todos los concurrentes.

Y en las que se posará también el ósculo espiritual de una madre, que, desde el cielo, sonríe de gozo al contemplar el lirio sacerdotal que abre sus galas ante el altar embalsamado veinticinco años antes con el casto azahar del matrimonio cristiano.—X.

# Galería de brigantinos ilustres



## Excmo. Sr. D. Antonio Quiroga y Hermida,

vicepresidente de las Cortes Españolas, en las que representó al antiguo reino de Galicia, capitán general de esta misma región, de Granada y de Castilla la Nueva e inspector general de la Milicia Nacional.

( * 1788 — † 1841.)

A las órdenes de Morillo, distinguióse notablemente en la reconquista de Vigo y fué uno de los primeros que, en 1820, proclamaron la Constitución de Cádiz y las libertades patrias.

En honor de tan preclaro conterráneo – a quien Espoz y Mina calificó de inmortal – se acuñaron diversas medallas conmemorativas, de gran valor artístico todas ellas, y el Ayuntamiento de su ciudad nativa, a fines del pasado siglo, dedicó a su memoria, en el barrio de San Francisco, una de las calles más características de la urbe – la denominada *Segunda de Noas* –, homenaje semejante al rendido por el Concejo del segundo período constitucional, que la implacable reacción absolutista echó por tierra el mismo día de la entrada de las tropas de Angulema en Betanzos. — V.

*(Estampa de la época.)*




Medalla de Quiroga, ejecutada por el afamado grabador y escultor francés Francisco Agustín Caunois. Cobre; módulo, 41 milímetros; peso, 39 gramos; espesor, 4 mm.

*Anverso:*

Cabeza del general, en gran relieve, mirando hacia la izquierda.

D.N ANTONIO QUIROGA.

CAUNOIS F [ecit].

*Reverso:*

Corona de laurel, y dentro de ésta:

C O N S T I T U C I O N

D E L A S

C O R T E S D E 1 8 1 2.

1. D E E N E R O. (1)

7. D E M A R Z O. (2)

9. D E J U L I O. (3)

1 8 2 0.

La pieza aquí reproducida pertenece a la colección del culto médico betancero y estimado amigo nuestro, don Alfredo Romay Montoto.

(1) Fecha inicial del alzamiento, cuyo jefe era Quiroga.

(2) Íd. del decreto de Fernando VII aceptando el régimen constitucional.

(3) En este día, "el mayor de España", el rey jura ante el Parlamento guardar y hacer guardar el código gaditano.

# NASCIDA D'UN SONO

(Tríptico â groria da betanceira)



María Luisa Vía

I

Ven aos meus versos como vas â feira
cantando e rindo ao vento das Mariñas.
¡Ven, puño de cereixas cristaíñas,
entra no meu soneto, betanceira!

Como esborrexen pol-a carballeira
as anduriñas tras das anduriñas,
brinca, anduriña, pol-as rimas miñas
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e compreto
c'os iambos dos teus pasos donaireiros,
c'o lume dos teus ollos tan profundo,

eu ceibaréi ao vento o meu soneto,
pra qu'o teu nome suba antr'os loureiros
¡hastr'as estrelas, prefumando o mundo!

II

Piséi a sombra viva dos guindeiros
e pidinlle auga fresca... Pro a garrida
doume unha i-auga tola i-acendida,
i-empezóu a falar... ¡Ai, betanceiros,

qué ollos aqueles, soles verdadeiros,
duas espranzas pra unha sola vida!
¡Qué ofrenda a porzolana repolida
das mans, feitas pra tronos ou mosteiros!

¡I-aquel falar ardente cal non fora
un despertar de meiros sob a aurora,
i-aquel fuxir xogando d'anduriña!

Cantade ao sol i-ao mar, porque podedes,
vos os que arades i-os que tendes redes.
¡Qué aguinaldo dou Dios aos da Mariña!

III

Variña d'avelairo, pra ti fora
cativo o bronce, i-a palabra, escura.
Noiva a tecer damascos de ternura;
nai, santa nai, que canta cando chora.

¡Nácech'o sol nos ollos a cadora,
enterrouse en ti o sol hastr'a centura!
Boca pra un anxo, ¡ai, Deus, guinda madura!
¡Ai, Deus, surrisa aberta como a aurora!

Sal do poema xa, céibate â ría
da Vida, corpo enteiro da alegría,
pés voandeiros, corazón sin lixo.

Así, sin versos, para qu'eu te queira,
ti, nascida d'un sono, betanceira,
¡como a permeira estrela que Dios fixo!

**José María Díaz Castro**

## XENTE COÑECIDA

# Raúl Fernández



Como quen non quer a cousa, paseniño, paseniño,
vai inzando de rodrigas a bisbarra mariñá.
¿Que nos *lupuliza* todo? ¿Que imos a quedar sin viño?
¡Fora penas! Beberemos... auguiña de Picachá.

V.

(Caricatura de Xosé Luis Muñoz Vales.)



EXCMO. SR. D. EMILIO ROMAY MONTOTO.

Ex alcalde de Betanzos, hijo predilecto de la ciudad, presidente de la Excma. Diputación Provincial de La Coruña, ex procurador en Cortes y miembro correspondiente de la Real Academia Gallega.

*(Óleo de Luis Mosquera.)*